



## PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE 4º INFANTIL SEMANA DO 1 AO 5 DE XUÑO

Esta semana seguimos repasando máis contidos dos que fomos traballando no cole dentro do noso proxecto “Auga é vida”. Para a realización das actividades teremos o apoio dos cuaderniños do proxecto Croqueta.

Nivel 4º A e B de Infantil				
LUNS 1	MARTES 2	MÉRCORES 3	XOVES 4	VENRES 5
<p><b><u>REUTILIZAR A AUGA</u></b></p> <p>Poderíamos facer algo coa auga da choiva?</p> <p>Imos coller o caderno de campo e ler coa axuda dun adulto a páx 26. Falamos sobre a <b>reciclaxe da auga</b>.</p> <p>Na lámina 18 do caderno temos que observar que ocorre? Que obxectos hai? Para que serven? Podemos falar das plantas e do que necesitan para vivir facendo fincapé na auga.</p> <p>Antes de realizar a actividade repasamos a comparación de cantidades. <b>Mais que/menos que</b>.</p> <p>Exemplos: coller 2 caixas e repartir nelas</p>	<p><b><u>RIEGA LA HUERTA</u></b></p> <p><b><u>DIARIO DE CREATIVIDADE</u></b></p> <p>No cole temos unha pequena horta e seguro que moitos de vos tamen nas vosas casas ou das dos vosos avós tedes horta.</p> <p>Na horta hai moitas plantas e para que medren ben hai que regalas con mangueira, regadeira ou aspersor.</p> <p>Na lámina 13 imos <b>crear con pompóns a auga que sae do aspersor</b>.</p> <p>Podedes incluír mais verduras na horta.</p> <p>E deixar voar a vosa creatividade escoitando a música <i>Gira y</i></p>	<p><b><u>SELECCIONAR INFORMACIÓN</u></b></p> <p>Xa case rematamos a misión!! A máquina está case lista... <b>pero que información imos meter nela?</b></p> <p>Podedes mostrar aos peques distintos contos ou libros con imaxes e falar se esas imaxes aportan información ou so fan que o conto sexa mais bonito.</p> <p>Conversamos sobre que cousas podes facer na casa para poder aforrar auga...</p> <p>Despois completa a lámina 19 sinalando as accións nas que se aforra auga e riscando nas que se desperdicia a auga.</p> <p>Noraboa!!! Xa</p>	<p><b><u>INVENTANDO</u></b></p> <p><b><u>DIARIO DE CREATIVIDADE</u></b></p> <p>Nesta actividade (lámina 14) imos crear <b>un invento para limpar a auga</b> a partir dun círculo. Pode ser unha ferramenta, unha máquina, unha pócima secreta...</p> <p>Lembrádevos de pensar para que usáriedes a auga limpa que produce o voso invento.</p> <p>Utilizade todo o material que queirades: gomets, papel aluminio, papel de seda, goma eva...</p>	<p><b><u>TALLERES COOPERATIVOS</u></b></p> <p>Na aplicación de edelvivesdixital.com se entrades no apartado de audios e videos atoparedes <b>3 talleres cooperativos sobre experimentos con auga</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Lluvia de cores</li> <li>-Xeo brillante</li> <li>-Carreira de cores</li> </ul> <p>Podedes practicar algun deles ou facer os tres!!</p> <p>Os que queirades enviarnos unha foto. Nos encantará veros como auténticos científicos e científicas.</p>



<p>obxectos. Despois preguntar: onde hai mais, onde menos, como poderíamos facer para ter o mesmo numero en cada caixa, cantos lle faltan a unha caixa para ter o mesmo número que na outra...</p> <p>Logo completaremos a lámina con tantas plantas como regadeiras.</p> <p><b>SEMPRE</b></p> <p>Pola parte de atrás podedes pedirlle os vosos peques que escriban o seu nome e a data numérica.</p> <p>Tamén poden escribir os números do 4 ao 6</p>	<p><i>gira</i>, que atoparedes na aplicación dixital.</p>	<p>podedes poñer a terceira estrela no mapa!!! A científica xa ten toda a información para a máquina grazas a vos!!!!</p> <p><b>SEMPRE</b></p> <p>Pola parte de atrás podedes pedirlle os vosos peques que escriban o seu nome e a data numérica.</p> <p>Tamén podedes facer círculos de diferentes tamaños e de distintas cores.</p>		
--	---	---	--	--

Para ter acceso aos contidos dixitais do Proxecto de Croqueta tedes que entrar na páxina: [edelvivesdigital.com](http://edelvivesdigital.com) e poñer os seguintes códigos que vos enviamos polo Remind.

Se tedes dúbidas ou suxestións non dubidedes contactar con nos polo Remind ou nos enderezos electrónicos das titoras:

Ángeles [maquicami@edu.xunta.es](mailto:maquicami@edu.xunta.es)

Iria [iriadela@edu.xunta.es](mailto:iriadela@edu.xunta.es)

Moitos bicos e ánimo!

Ángeles e Iria